

GRUPO MUNICIPAL



MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando ao CONCELLO DE PONTEVEDRA A QUE **INTERCEDA ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PROPIETARIAS DAS ESTRADAS PO-546, PARA RETIRAR O TRÁFICO PESADO E REALIZAR UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL DE RECUPERACIÓN DA MESMA, E PO-11, PARA HABILITAR UN CARRIL DE ACCESO DE ENTRADA E SAÍDA DE CAMIÓN S AO COMPLEXO ENCE-ELNOSA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-546, que une a cidade de Pontevedra co municipio de Marín, acumula un elevado tránsito de vehículos de gran tonelaxe cara o complexo ENCE-ELNOSA. Máis de 300 camións acceden a él diariamente, entre as seis da mañá e as dez na noite, transportando madeira, produtos químicos e pasta de papel. Ese tránsito duplícase ao ter a entrada e a saída do complexo pola mesma estrada, co que, ao cruzárense en ambos os dous sentidos, ocupan todo o espazo da calzada.

Esta vía non foi deseñada para soportar semellante volume de tráfico pesado e o seu grao de deterioración chegou a un punto moi preocupante. Un día si e outro tamén sucédense os afundimentos no firme, que causan vibracións e fendas nas vivendas lindadeiras. A falta de beirarrúas e a velocidade excesiva fan que a circulación de vehículos e o tránsito de bicicletas e persoas convivan con dificultade, entrañando graves problemas de seguridade viaria. O perigo é evidente non só cando se cruzan dous vehículos pesados, senón no momento en que calquera vehículo a motor, pola masa de aire que despraza, adianta ás persoas que circulan en bicicleta.

Esta situación foi reiteradamente denunciada polo colectivo Masa Crítica de Pontevedra, e viuse agravada desde que o tránsito das bicicletas ten que facerse de xeito obrigado pola estrada PO-546, ao téreno prohibido desde o pasado mes de xullo pola estrada PO-11. Todo isto multiplica os riscos para integridade física e seguranza dos ciclistas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do pleno a seguinte,

PROPOSICIÓN:

1. Que inste ás administracións propietarias das estradas PO-546 e PO-11, para que traslade o tráfico pesado desde a PO-546 á PO-11, habilitando nesta un carril de acceso ao complexo ENCE-ELNOSA, desde onde remata a estación depuradora de augas residuais (E.D.A.R.), e outro carril de saída desde a fábrica á PO-11 (mentres ambas as empresas non abandonen o emprazamento que ocupan na actualidade).
2. Que inste a administración propietaria da estrada PO-546, para levar a cabo actuacións de recuperación integral na estrada vella de Marín (PO-546), reparando os espazos afundidos, construindo beirarrúas, facilitando a convivencia peonil e de bicicletas, e rebaixando a velocidade con medidas disuasorias como semáforos, radares fixos ou cámaras para sancionar as persoas infractoras por exceso de velocidade.

Pontevedra, 24.8.2015

Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ